

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA),  
Nº 9/2016 DE CARÁCTER ORDINARIO, CELEBRADA O 26 DE AGOSTO DE 2016.**

Salceda de Caselas, 26 de agosto de 2016

**ASISTENTES**

**Presidente**

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

**Concelleiros/as**

**Grupo municipal do Partido Popular**

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)  
NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)  
RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)  
VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

**Grupo municipal de Movemento Salceda**

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)  
CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)  
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)  
PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)  
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)  
LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

A Concelleira GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP), incorporase mais adiante.

**Secretario do Concello**

Noemí Sirera Diéguez

**Interventora do Concello**

Elisa Marqués Parrilla

**HORA DE INICIO: 21:10 h.**

**HORA DE REMATE: 23:19 h.**

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 21:10 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 341 de 23 de agosto de 2016, reúnen-se en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte orde do día.

Polo Sr. Alcalde antes de dar comezo a sesión fai a presentación da nova Secretaria, Noemí Sirera, que acaba de incorporarse como Secretaria Municipal, dándolle a benvida, desexando que o seu traballo en prol dos veciños/as de Salceda sexa exitoso. Dálle a palabra aos outros grupos municipais.

Toma a palabra o voceiro do PP, Santiago Rodríguez, dándolle tamén a benvida a Noemí, coma Secretaria, e desexándolle que teña os máximos acertos para ben dos veciños de Salceda.

Toma a palabra a voceira do PSOE, Verónica Tourón, que igualmente dálle a noraboa e a benvida a Noemí, coma Secretaria, esperando que seu traballo sexa agradable e que a súa estancia sexa para tempo.

Toma a palabra o voceiro de Movemento Salceda, José Luis Gonzalez, dándolle a benvida e dandolle as grazas por elixir Salceda para desempeñar o seu traballo, esperando que sexa en prol dos veciños de Salceda.

## **ORDE DO DÍA:**

### **Parte resolutiva da sesión**

- 1.- Aprobación da acta da sesión nº 7/2016, ordinaria, celebrada o 27 de xuño de 2016.**
- 2.- Sorteo para a designación dos membros das mesas electorais que actuarán nas eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016.**
- 3.- Ditame da proposta de días festivos locais para o ano 2017.**

### **Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**

- 4.-Dación de conta dos Decretos de Alcaldía: dende o nº 270/2016 de 23 de xuño de 2016 ata o nº 340/2016 de 23 de agosto.**
- 5.-Dación de conta do Informe de Intervención nº EMP 128/2016 de 27 de xullo de 2016 sobre avaliación de execucións trimestrais correspondentes ao 2º trimestre de 2016.**
- 6.-Dación de conta do Informe de Intervención nº EMP 131/2016 de 28 de xullo de 2016 sobre avaliación do plan de axuste correspondente ao 2º trimestre de 2016.**
- 7.-Dación de conta do Informe de Tesorería nº 034/2016 de 20 de xullo de 2016 sobre a morosidade correspondente ao 2º trimestre de 2016.**
- 8.-Dación de contas do Informe de Intervención nº 125/2016 de 21 de xullo de 2016 sobre período medio de pago a provedores das Administracións públicas correspondente ao 2º trimestre de 2016.**
- 9.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**
- 10.-Rogos e preguntas.**

## **INICIO DA SESIÓN**

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN Nº 7/2016, ORDINARIA, CELEBRADA O 27 DE XUÑO DE 2016.**

Toma a palabra o Concelleiro Joaquín Núñez para dicir que na súa intervención, páxina 3.- quinta liña, hai un erro de copia e pega onde pon “reducción dos créditos” debe dicir: “reducción dos pregos”. Mais adiante a metade do párrafo onde di “non pode responsabilizar desta situación a outros grupos coma o PSOE “ eu non dixen PSOE dixen PP.

A Concelleira Teresa Pérez manifesta que nas intervencións finais dos Concelleiros recolleuse so un apelido, neste caso “Sra. Pérez” e dado que hai mais dunha concelleira que se apelida Pérez non queda claro quen interviu en cada caso. Na páxina 12 debe poñer “Sra. Pérez Pérez” e na intervencións da páxina 13 debe poñer “Sra. Pérez González”

A Concelleira Verónica Touron fai constar que na páxina 9 nos últimos párrafos están repetidos pois son idénticos tanto o que comeza por: “A Sra. González Rodríguez di” e o que di: “A Sra. Tourón Domínguez di.” aclarando que esa intervención corresponde a ela e non a Sra. González, debendo polo tanto eliminarse.

Non existindo mais observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 7/2016, de 27 de xuño, incorporando as rectificacións formuladas polos Sres./as Concelleiras e a mesma é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.**

### **2.- SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS QUE ACTUARÁN NAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 25 DE SEPTEMBRO DE 2016.**

O Sr. Alcalde, fai unha aclaración, para dicir que o prazo para este sorteo comeza mañá, pero para non ter que facer dous plenos, o que supón un aforro para o Concello, engadindo ademais, de que se acaba de incorporar a Secretaria; intentouse adiantar o pleno ordinario para o día 31.

Despois de ter falado cos outros grupos municipais, por parte do PSOE non se puxo ningún problema pero por parte do PP rexeitouse esa posibilidade, dicindo que eles prefiren cumprir os prazos establecidos.

O Sr. Alcalde di que e a primeira vez que iso ocorre dende o ano noventa e nove, sempre se chegou a acordo de adiantar o Pleno, motivo polo cal se decidiu adiantar o sorteo, advertindo que espera de a Xunta Electoral non poña ningún problema, pois hai algún antecedente de que se tivo que repetir o pleno precisamente por non cumprir os prazos, pero visto que o prazo comeza mañá e dado as horas que son non cree que haxa ningún problema.

Segue o Alcalde explicando que o sorteo consiste nun sorteo electrónico, está habilitada unha administrativa para o programa informático que vai realizar o sorteo, acompañada por un membro de cada grupo e a Secretaria.

Pide a palabra o Concelleiro Santiago para dicir que é certo que o noso grupo rexeitou esa opción por estar en período vacacional, cada un ten a axenda persoal, profesional, e laboral, teño compañeiros que a semana que ven non están, e todos sabemos cando se celebra o pleno ordinario por estar establecido; o que no pode ser e que si un grupo, neste caso o PP, non poden asistir todos os seus membros ao Pleno, como e o caso da compañeira Miriam, se cambie a data do Pleno.

O Sr. Alcalde di que reitera as razóns polas que se intentaba adiantar o Pleno ordinario: a incorporación da nova Secretaria e que, por razóns de tempo, non se poidan traer outros asuntos importantes para Salceda; e o aforro que supón non celebrar dous plenos buscando fórmulas coma esta.

O Concelleiro Santiago Rodríguez: manifesta que non se pode xustificar que por marxe de catro días non se traen novos asuntos ao pleno.

Reitera o Sr. Alcalde, dicindo que o sorteo electoral é dende o día 27 ao 31 de agosto, que é a primeira vez dende o ano noventa e nove que isto ocorre, sempre se chegou a acordo.

Nestes intres incorporárase ao salón de Plenos a Concelleira Miriam González Rodríguez, do Grupo Municipal do Partido Popular.

## **2.- REALIZASE O SORTEO.**

Unha vez realizado o sorteo o Señor Alcalde dá lectura das persoas que resultaron elixidas no sorteo. Os resultados dos tres sorteos efectuados son dilixenciados pola Sra. Secretaria, non incorporándose ao contido desta acta pero pasando a formar parte do expediente deste sorteo.

## **3.- DITAME DA PROPOSTA DE DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017.**

O sr. Alcalde da lectura da correspondente proposta de acordo.

O Concelleiro Sr. Rodríguez Davila (Grupo Municipal do PP) di que como ven sendo tradicional as datas das festas do Concello seguen sendo as mesmas.

A Concelleira Sra. Tourón Domínguez (Grupo Municipal PSOE) di que non ten nada que engadir.

O Concelleiro González Rodríguez (Grupo Municipal de Movemento Salceda) di que non ten nada que dicir, que están de acordo.

**Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproban a proposta.**

### **Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**

#### **4-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA: DENDE O Nº 270/2016 DE 23 DE XUÑO DE 2016 ATA O Nº 340/2016 DE 23 DE AGOSTO.**

DASE CONTA POLO SR. ALCALDE.

#### **5-DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN Nº EMP 128/2016 DE 27 DE XULLO DE 2016 SOBRE AVALIACIÓN DE EXECUCIÓNS TRIMESTRAIS CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DE 2016.**

DASE CONTA POLO SR. ALCALDE.

#### **6-DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN Nº EMP 131/2016 DE 28 DE XULLO DE 2016 SOBRE AVALIACIÓN DO PLAN DE AXUSTE CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016.**

DASE CONTA POLO SR. ALCALDE.

#### **7-DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESORERÍA Nº 034/2016 DE 20 DE XULLO DE 2016 SOBRE A MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016.**

DASE CONTA POLO SR. ALCALDE.

#### **8-DACIÓN DE CONTAS DO INFORME DE INTERVENCIÓN Nº 125/2016 DE 21 DE XULLO DE 2016 SOBRE PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016.**

DASE CONTA POLO SR. ALCALDE.

## **9.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.**

### **PRIMEIRA MOCIÓN presentada polo Grupo Municipal do PP rex. entrada nº 4905.**

Toma palabra o Concelleiro Santiago Rodríguez para xustificar a urxencia desta moción, manifestando que presenta esta moción por si o pleno ten a ben de acordar unha serie de medidas para facer unha modificación do orzamento e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, pois dado a importancia do asunto, non vamos a debatir quen contratou, quen deixou de pagar, etc. pois esta suficientemente debatido, pois o importante é que os provedores levan sen cobrar as súas facturas dende o ano 2015.

O Sr. Alcalde contéstalle ao Concelleiro Santiago Rodríguez, dicindo que construíron un discurso falso para enganar a non sen quen, neste momento creo que a ninguén. A realidade é que levamos meses intentando aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, a única razón legal, segundo constan nos informes, para non aprobar o recoñecemento é que a obra ou servizo non esté executada, e a única razón legal para non pagarlle aos provedores, non existe outra condición nin legal ni política. O nove de agosto tivemos un pleno extraordinario para facer xuntanza por parte do goberno municipal cos afectados, e vos tivestes as vosas xuntanzas nas vosas sedes, e no pleno extraordinario como última oportunidade política, e vós, PP e PSOE, estades a facer un dano e un prexuízo gravísimo aos provedores e tamén os veciños, pois os prazos legais de intereses de demora están correndo, que os vamos a pagar os veciños, cos nosos impostos, e vos o sabedes, estades actuando de mala fe, intentando bloquear a economía das empresas e os bolsillos dos veciños e neste caso do Concello. Tivestes cinco oportunidades para seguir o que marca a lei, e non se pode poñer condicións nin xantases, para cambiar o sentido do voto porque tendes un mandato para pagar, tedes un mandato legal. Non hai razón legal para non pagar. Este sainete e obra de teatro non é posible, esa extratexia rematou o nove de agosto, agora hai un libro de ruta para que os provedores cobren canto antes, e por culpa vosa non cobraron ata agora. Vamos a votar en contra da urxencia.

Segue o Sr. Alcalde, dicindo que intentades un fraude de lei clarísimo, facer unha modificación orzamentaria, cando o orzamento foi aprobado segundo os cauces legais. É improcedente facer esa modificación, o orzamento foi avalado por informe de intervención agás en dous ou tres puntos concretos en temas de persoal, nada que ver co que queres aquí. Segue manifestando que esta moción non ten sentido o único que se quere é bloquear, paralizar perxudicando os intereses do goberno e dos veciños, intentando suplantar dende a oposición o poder executivo do poder municipal.

Neste intre procédese a votación da urxencia resultando sete votos a favor por parte de González Souto, Primitivo (PP) Núñez Troncoso, Joaquín (PP) Rodríguez Davila, Santiago (PP) Valcárcel Bernárdez, Angela (PP) Gonzalez Rodriguez Miriam (PP) Tourón Domínguez, Verónica (PSOE) Ledo Souto, Angela (PSOE) e seis votos en contra de Marcos David Besada Pérez (MS) Pérez Pérez, Carla María (MS) Castiñeira Alén, María Dolores (MS) González Rodríguez, José Luis (MS) Pérez González, María Teresa (MS) González González, Miguel (MS)

O Concelleiro Santiago manifesta que, menos mal que levan avisado dende os últimos anos, pois a día de hoxe hai mais de catro millóns de débeda, a realidade é que contratouse sen ter os cartos, iso o sabe todo o mundo, o que queremos e arranxar un problema que nos non creamos, e que nós estamos a intentar solucionar. Seguramente e a primeira vez que un concello ten recoñecemento extraxudicial por importe de 640.000 €. Decindo que esta non é unha alegación ao orzamento, é unha moción para que o pleno se manifeste ao respecto, si está de acordo ou non con estas medidas e logo o Alcalde as adopte ou non.

Segue manifestando o Concelleiro Santiago que maldade, é non buscar unha solución ao problema, maldade non é que un grupo municipal intenta facer entrar razón a alguén que non acepta sentarse cos empresarios en presenza dos grupos da oposición nin aceptar propostas que veñan de calquera outra persoa. Isto non é chantaxe senón, propostas de acordo, que vostede non quere debatir. A xente o que quere é cobrar despois de facer os traballos, e non ter que esperar mais dun ano e medio.

Despois do debate entre o Sr. Rodríguez Davila e o Sr. Alcalde, o Sr. Rodríguez Davila pretende dar lectura a Moción presentada e solicita que conste en acta que é un moción, o que lle replica o Sr. Alcalde que si é moción pero non é procedente.

O Sr. Rodríguez Dávila da lectura a Moción presentada nº rx. 4905

O Sr. Rodríguez Dávila solicita sometela a votación.

O Sr. Alcalde di que esta moción é improcedente, inaplicable, extemporanea, e non se vai votar, xa que non se pode facer chantaxe. Non está a respetar a labor do executivo, intentando paralizar a acción do goberno. O Alcalde non vai a aceptar chantaxes de ningún.

O Sr. Rodríguez Dávila, manifesta que isto non é unha chantaxe.

O Sr. Rodríguez Dávila di que ao non someterse a moción a votación el e os seus compañeiros do Grupo Municipal van abandonar o Pleno, co respecto dos veciños levantamonos da sesión.

Abandoan o Salón de Plenos os Sres/as. Concelleiros/as. González Rodríguez, González Souto, Núñez Troncoso, Rodríguez Davila e Vácarcel Bernádez.

A Concelleira Verónica Tourin di que o esta pasando neste Pleno e vergonzoso e pregunta que vai a pasar con este Pleno a partir de agora.

Resposta o Alcalde: O pleno vai continuar.

#### **SEGUNDA MOCIÓN presentada polo Grupo Municipal do PP nº rx. 4906.**

O Sr. Alcalde manifesta que dado que o PP abandonou o Pleno e non está para defender esta moción, pregunta ao PSOE si a vai a defender.

Resposta Verónica que esa moción non a presentou o PSOE.

Polo que o Sr. Alcalde di que queda sen tratar.

#### **TERCEIRA MOCIÓN presentada polo Grupo Municipal do PSOE nºrx. 4907.**

Toma a palabra a Concelleira Verónica para dar lectura a moción, dicindo que sabendo de antemán que non se apreciará a urxencia de esta moción.

Segue Verónica reiterando o dito no pleno anterior, a única intención e que esta situación non se nos veña en contra o ano que ven, o problema non é que os provedores non cobren dende o mes de abril senón que os provedores levan sen cobrar un ano ou ano e medio. O REC é unha ferramenta que se utiliza para cando non se ten partida orzamentaria ou non había partida orzamentaria e se gastou mais do que se tiña. No compromiso so se pide que se cumpra a lei, e que se cumpra a transparencia, que se fagan as cousas mellor, que non se suba tanto a débeda, que se fagan as cousas con mais razoamento económico, xa que todo iso levaría a mellorar a situación do Concello, que todo funcionase mellor e a cambiar a imaxe que os veciños teñen do concello de como se fan as cousas.

Segue a Concelleira Verónica dicindo que 640.000 € de REC é unha auténtica barbaridade para un Concello como Salceda, e a primeira vez que se ve un REC con esa cantidade, o que queremos é solucionar isto, pero o Sr. Alcalde non está disposto a recoller esta proposta. As nosas actuacións son para actuar con responsabilidade e arranxar a situación. Demos oportunidades de dialogo. Este era un intento de resolver esta situación.

Pregúntalle a Secretaria, se unha moción que non leva ningún tipo de informe pode non someterse a votación.

O Sr. Alcalde responde que se esta a falar da procedencia, e non é procedente porque non se ciñe o REC, porque o REC non se aprobou e traedes esta moción cando vos non aprobasteis o REC porque este discuso de que non se cumpre a lei é falso porque as medidas que veñen nesta moción son o libro de ruta legal.

A Concelleira Verónica Tourón responde que si é o libro de ruta legal pois que o aprobe.

O Alcalde volve dicir que é improcedente porque non se ciñe o punto do REC e que ademais pode ser que necesite dalgún informe.

A Concelleira Verónica Tourón sinala que o Grupo municipal do PSOE reuniuse con Secretaria e Intervención e nos dixeron que esta moción non necesitaba levar informe.

O Alcalde responde que a moción podese presenta no Pleno pero despois hai que aprobar ou non a urxencia e dalle a palabra a Secretaria para que responda a Concelleira Verónica Tourón.

A Secretaria intervén para aclarar que, sendo o contido da moción a adopción dunha serie de compromisos dirixidos o equipo de goberno, ben pode ser un rogo, pero neste caso presentouse como moción polo que en primeiro lugar haberá que xustificar a urxencia da mesma para posteriormente votar se procede ou non esa urxencia.

O Alcalde somete a votación a urxencia, obténdose dous votos a favor de Tourón Domínguez, Verónica (PSOE) Ledo Souto, Angela (PsdeG-PSOE) e seis votos en contra de Marcos David Besada Pérez (MS) Pérez Pérez, Carla María (MS) Castiñeira Alén, María Dolores (MS) González Rodríguez, José Luis (MS) Pérez González, María Teresa (MS) González González, Miguel (MS). Polo que non se aproba.

#### **CUARTA MOCIÓN presentada polo Grupo Municipal do PP rex. nº 4205**

Dado que o Grupo Municipal do PP non está queda sen tratar esta moción.

### **10. -ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS**

O sr. Alcalde explica que por rexistro entrou un rogo formulados polo Grupo Municipal do Partido Popular, relativo a Instalación puntos auga potable.

O Alcalde di que asume o rogo manifestando que este rogo implica a creación dunha partida orzamentaria que non temos e que xa llo trasladarán ao PP.

#### **PREGUNTAS**

#### **1ª PREGUNTA. A Sra. Tourón Domínguez pregunta sobre a limpeza e acondicionamento zonas de Rubás, se se pensa acondicionar?**

O Concelleiro Sr. González González di que efectivamente chegou un escrito disto, mandouselle a unha empresa limpar. A inversión para acondicionar é potente, hai un proxecto xa redactado pero temos que esperar a que veña unha oportunidade económica para levalo a cabo.

**2ª PREGUNTA: A Sra. Tourón Domínguez:** sobre o pagamento da indemnización polo despido improcedente da persoa que estaba en rexistro. Gustaríanos que nos explicara cal foi o motivo dese despido.

O Concelleiro SR. Rodríguez González resposta que era unha traballadora do rexistro que estaba contratada cun contrato por obra e servizo cunha duración máxima de 3 anos, e a facer os 3 anos de contrato, nos despedímola, como facemos con todos cando se cumpren os tres anos de contrato. Ela non estivo dacordo e reclamou, o xulgado deulle a razón, o xuíz dabanos a opción de readmitila ou indemnizala obtamos por indemnizala, pero non estivo dacordo coa indemnización pois reclamaba que se readmitise e o TSX non lle deu a razón.

**3ª PREGUNTA: a Sra. Tourón Domínguez:** Na Programación da festa dos callos non aparece a festa Hip Hop que se viña celebrando todos os anos, queríamos saber que pasou, as razón polas que non se realiza.

A Concelleira Sra. Pérez Pérez resposta que nos puxemos en contacto coa asociación, e o que nos trasladaron e que non tiñan a disposición de xente e tempo para levar a cabo esa festa, dende o concello déuselle varias alternativas pero non foi posible.

**4ª PREGUNTA: a Sra. Tourón Domínguez:** Hai varias peticións das ANPAS dos colexios sobre peticións de melloras e mantemento das aulas, queriamos saber si se atenderon a todas ou como se fixo?

A Concelleira Sra. Pérez González resposta que a metodoloxía que se utiliza é que vémolos todas e clasificámolos en urxentes ou menos urxentes e as vamos levando a cabo, xa se realizaron algunhas outras estamos realizándoas, pero aínda quedan por levar a cabo, o 100% aínda non están feitas.

**5ª PREGUNTA: a Sra. Tourón Domínguez:** Hai, en rexistro, queixas sobre postos do mercadillo, sobre a documentación que non están dados de alta na Seguridade Social. Que se está a facer?

A Concelleira Sra. Castiñeira Alén resposta que é certo que entran esas queixas presentadas polo presidente da Asociación de Ambulantes, son queixas tipo que presenta en todos os concellos, é tamén é certo que a día de hoxe non podemos levar o mercado ao día, esta problemática non é so deste Concello, como todos sabemos. Os expedientes non están o día en canto as autorizacións, pero este é un mercadillo totalmente legal.

Non habendo máis temas que tratar, ás 23.19 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de oito páxinas numeradas do un o oito, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Marcos David Besada Pérez

Noemí Sirera Diéguez